

## Convocatoria Asemblea Xeral de Planificación 2024

Venres **2 de febreiro** de 2024 – 15:30 horas en primeira convocatoria, **16:00 horas** en segunda  
Sede da **Deputación de Pontevedra en Vigo**. R/ Eduardo Chao 17 (Casco Vello). Vigo

A Presidenta de **EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas EspazoCoop, o vindeiro **2 de febreiro de 2024**, en primeira convocatoria ás 15.30 horas e en segunda ás **16 horas** na sede da **Deputación de Pontevedra en Vigo** (rúa Eduardo Chao, 17 – Casco Vello). Trala benvida ás persoas asistentes, desenvolverase a seguinte

### Orde do Día:

#### 1| Sistema organizativo da entidade

Presentación da nova proposta organizativa, da estrutura técnica da entidade.

#### 2| Plan operativo anual (POA) 2024 e Lei de Cooperativas

Presentación, traballo en grupo e posta en común:

- Liñas de actuación que definirán o plan de traballo do 2024.
- Lei de Cooperativas, informe de situación e recollida de achegas.

#### 3 | Rogos e preguntas

A finalización da asemblea, está prevista para as 18 horas.

Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2024.



Asdo. Ana Olveira Blanco

Colaboradora: Entidade



## INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais da Unión de Cooperativas EspazoCoop, establecen que:

### Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

### Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

### Participación na Asemblea

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria, ou tamén [neste enlace](#).

### O lugar de celebración

A asemblea, en formato presencial, terá lugar na sede da Deputación de Pontevedra na cidade de Vigo, na rúa Eduardo Chao 17, no Casco Vello ([aquí](#))

